

ARRIBADA

2023

camBADOS



CONCELLO DE
CAMBADOS

¿Que é a Arribada?

Na segunda semana de xuño celébrase todos os anos a Arribada Gaélica, un evento deportivo que reúne a **cultura marítima, o fútbol gaélico e a cultura musical autóctona**.

Neste ano 2023 queremos levar a cabo a cuarta edición deste evento, concretamente o **Sábado 10 de xuño no Parque de Torrado** despois de 2 anos no que non se pudo realizar.



¿Qué é o fútbol gaélico?



O fútbol gaélico é un deporte de equipo no que se xogan partidos de 9 vs 9.

A zona de xogo consiste nun campo de herba rectangular dividido en dúas áreas iguais con porterías en forma de H en ambos extremos. Cada partidoxógase entre dous equipos cuxa finalidade primeira é introducir un balón entre os paus da portería do contrincante ou na mesma portería.

Para conseguir os tantos, os xogadores poden patear ou golpear o balón, seguindo unha serie de regras establecidas para o xogo; un árbitro e o seu axudante velarán polo cumprimento de ditas regras.

Se o balón entra entre os paus o equipo suma 1 punto, entre tanto se o equipo mete un gol na portería suma 3 puntos. A duración do partido divídese en dous tempos de 30 minutos, co seu respectivo descanso de 10 minutos entre eles. Ao remate gañará o equipo que consiga máis puntos.



Obxectivos deste evento

Neste evento deportivo tratamos varios obxectivos que pretendemos acometer: **promover valores** coma o respecto, compañeirismo, folclore e amor pola nosa terra, así como aproveitar o evento para **difundir e promover no Concello tanto as embarcacións tradicionais coma o fútbol gaélico**.

Queremos resaltar a integración deste deporte na comarca coa **Cultura Galega**, tamén grazas a este evento buscamos promover o turismo a través da exaltación e **exhibición da ría e parte do noso patrimonio cultural marítimo e fluvial**.



¿Quen participa?

Ademais de todos os **clubes deportivos** que poidan participar, e **grupos musicais locais** como os que xa participaron anteriormente (Leda Atómica, Treboada Rock, Crespo, Zeltia, etc.); na Arribada Gaélica sempre apoiamos ás **agrupacións locais ou de arredores**:

- Asociación de Embarcacións Tradicionais Calmoseira
- Federación Galega pola Cultura Marítimo Fluvial
- E moitas máis...

Sempre apoiamos a **cultura galega** e todo a que esta supón, pouco a pouco este evento estase facendo un oco recoñecido dentro do panorama do fútbol gaélico a nivel galego, nacional, e incluso internacional facendo eco da nosa Arribada dende a GAA de Irlanda (donde é a cuna do fútbol gaélico) ademais de ser un punto de reclamo dentro da xuventude.



Galardóns

Cabe resaltar que este evento foi escollido como o “Evento deportivo do ano” na gala dos deportes que organizou o Concello de Cambados.

Tamén sinalamos que este é aínda o cuarto ano deste evento, e en tan só tres edicións conseguiu estar en boca de todos, temos depositadas moitas esperanzas neste ano e en conseguir superar os resultados dos anos pasados.



Proxecto

Sábado 10 de xuño de 2023

- De 9:00h a 13:00h: **Torneo de Fútbol Gaélico**
- De 11:00h a 13:00h: **Encontro de embarcacións tradicionais**
- De 13:00h a 16:00h: **Sesión Vermut con concerto e gastronomía**
- De 13:00h a 01:00h: **Actuacións musicais**



Encóntranos nas redes como:
[@cambadosgaelico](https://www.instagram.com/cambadosgaelico)
cambadosgaelico@gmail.com